



## CONCELLO DE P O N T E C E S U R E S (PONTEVEDRA)

### ANUNCIO EXPLICATIVO DA CONCESIÓN DA PRAZAS NA EIM DE PONTECESURES PARA O CURSO 2024/25.

Tendo en conta que a EIM ten 4 aulas coa seguinte distribución das prazas por idades/aulas:

- 0 – 1 anos: 8 prazas
- 1 – 2 anos: 13 prazas.
- 2 – 3 anos: 20 prazas.
- Mixta (0 – 3 anos): 15 prazas.

Tendo en conta tamén que houbo 31 renovacións de alumnos/as que están actualmente na EIM, coa seguinte distribución:

- 23 renovacións de nenos/as nados/as en 2022 (3º curso 2 – 3 anos)
- 8 renovacións de nenos/as nados/as en 2023 (2º curso 1 – 2 anos).

A vista das 29 solicitudes presentadas segundo a idade dos nenos/as solicitantes:

- 13 novas solicitudes de nenos/as nados/as en 2022 (3º curso 2 – 3 anos)
- 11 novas solicitudes de nenos/as nados/as en 2023 (2º curso 1 – 2 anos).
- 5 novas solicitudes de nenos/as nados/as en 2024 (1º curso 0 – 1 anos).

#### CONCLUSIONS:

- Habendo 8 prazas dispoñibles para a aula de 0 – 1 anos, e tendo 5 solicitudes, **esas 5 solicitudes quedan aceptadas, tendo que formalizar a correspondente matrícula no prazo estipulado (do 1 ao 15 de xuño de 2024); e quedan 3 prazas vacantes para quen solicite por orde de chegada ao rexistro.**
- Habendo ate 48 prazas dispoñibles para as idades de 1 – 2, e 2 – 3 anos, e tendo un total de 31 solicitudes de renovación de praza, **quedan 17 prazas para adxudicar.**
- **As 17 prazas vacantes nas idades de 1 – 2, e 2 – 3 anos concédense seguindo o estipulado no Regulamento de Organización da EIM (artigos 6.1 e 6.8.1), polo que teñen prioridade as solicitudes de nenos/as empadroados en Pontecesures, sobre os non empadroados, e as solicitudes de xornada completa sobre as de xornada reducida.**
- **Así, as 11 solicitudes nas idades de 1 – 2, e 2 – 3 anos de empadroados en Pontecesures, tanto os 3 de xornada completa, coma os 8 de xornada reducida, collen praza directamente, tendo que formalizar a correspondente matrícula no prazo estipulado (do 1 ao 15 de xuño de 2024).**





## CONCELLO DE P O N T E C E S U R E S (PONTEVEDRA)

- **As 10 solicitudes de reserva de praza nas idades de 1 – 2, e 2 – 3 anos de non empadroados en Pontecesures de xornada completa, e as 3 solicitudes de non empadroados en Pontecesures de xornada reducida teñen que baremarse para establecer a lista de que 6 solicitudes teñen dereito á praza, e cales quedan en lista de reserva. A tal fin, e tendo en conta o estipulado no Regulamento de Organización da EIM (artigos 6.1 e 6.8.1), teñen prioridade as 10 solicitudes de xornada completa, e nas últimas posicións da lista estarán as de xornada reducida.**

**Posto que temos que baremar nas vindeiras semanas as 13 solicitudes para as 6 prazas vacantes, publicaremos a lista provisional de admitidos e de reserva de praza logo de realizar dita baremación.**

Asdo.- M<sup>a</sup> Teresa Tocino Barreiro.

Alcaldesa-Presidenta do Concello de Pontecesures.

*(Documento asinado dixitalmente, na data sinalada á marxe)*

